

**VICTORIA
ALONSO
VILARIÑO**


Baloncesto en cadeira
de rodas

**Enxeñeira
Técnica Industrial**

**Internacional por España
desde o ano 2003**

**Preseleccionada para participar
nos Xogos Paralímpicos
de Tokio**

9



**COÑECENDO
AS NOSAS
DEPORTISTAS**



BALONCESTO EN CADEIRA DE RODAS

Victoria Alonso Vilariño

Vigo, 7 de xullo de 1982

Enxeñeira Técnica Industrial

Xoga no UCAM Murcia

Preseleccionada para participar
nos Xogos Paralímpicos de Tokio



Victoria Alonso naceu na cidade de **Vigo**, onde estudou e viviu.

O seu achegamento ao deporte do baloncesto en cadeira de rodas chega cando comeza a estudar na Universidade de Vigo, onde cursará

Enxeñaría Técnica Industrial.

A partir dese momento comeza unha longa carreira coma deportista, xogando no Club AMFIV de Vigo, no Basketmi de Ferrol e no UCAM Murcia.

A partir do ano 2003 é unha habitual nas concentracións realizadas pola selección española e actualmente está **preseleccionada**

para participar nos Xogos Paralímpicos de Tokio 2020.

DEPORTE FEMININO

No ano 2021 Teresa Perales foi galardoada co premio Princesa de Asturias no Deporte.

Investiga quen é Teresa Perales e que deporte practica.

Ao longo de toda a historia soamente sete deportistas foron galardoadas nesta categoría. Quen foron estas sete deportistas? Cantos homes foron galardoados? Que opinas desta situación?

Repasa as fichas de “Coñecendo as nosas deportistas” da Secretaría Xeral da Igualdade e busca outras deportistas que van participar nos Xogos Paralímpicos de Tokio.

Sabías que... a selección española feminina de baloncesto en cadeira de rodas vai participar nos xogos Paralímpicos de Tokio, e que somentes participou nos Xogos do 92 en Barcelona?

CUESTIONARIO

Unha deportista que admiras?

Sonia Ruiz, actual capitá da selección feminina de baloncesto en cadeira de rodas.

Que fas logo de adestrar?

Polo xeral coidarme deportivamente falando, a través da alimentación e do descanso.

Un consello?

Constancia no día a día.

Cal é o primeiro recordo do teu deporte?

A primeira vez que adestrei no meu deporte.

Un soño profesional?

Os Xogos Paralímpicos.

Como ves o papel da muller no deporte?

Na actualidade empezo a notar unha certa igualdade, pero queda moito camiño que percorrer.

Cal é o mellor recordo da túa carreira deportiva?

Alcanzar a clasificación para Tokio.



CUESTIONARIO



Tiveches algún tipo de atranco por ser muller no mundo do deporte?

A nivel de trato deportivo considérome unha afortunada. Quizais o feito de xogar nunha liga mixta, a maior dificultade é competir contra os homes.

Como ves o tratamento polos medios de comunicación do deporte feminino?

É onde máis diferenzas a nivel de igualdade percibo. Apenas existe difusión cando se trata de deportes "minoritarios".

Como consideras que é a situación do baloncesto en cadeiras de rodas en Galicia?

Na actualidade existen dous equipos, e creo firmemente que Galicia pode albergar máis equipos. A comunidade aposta alto pola cultura deportiva, dende o meu punto de vista.

Cal cres que son as condicións principais para ser unha boa deportista?

Disciplina e constancia son fundamentais.

DEPORTE PARALÍMPICO

ORIXE

O baloncesto en cadeira de rodas ten o seu nacemento como necesidade de rehabilitación dos soldados americanos logo da segunda guerra mundial.

REGRAS

As regras son as mesmas que o baloncesto a pé, sendo as únicas diferenzas que as xogadoras deben botar a pelota logo de empurrar a cadeira dúas veces, e que a competición é mixta, competindo homes e mulleres no mesmo equipo.

XOGOS PARALÍMPICOS

A primeira competición paralímpica masculina en cadeira de rodas tivo lugar nos Xogos de Roma, 1960 e as mulleres tivemos que agardar para debutar ata o anos 1968.



Investiga as distintas disciplinas tratadas nas fichas de **“Coñecendo as nosas deportistas”** e atoparás, como no caso do baloncesto en cadeira de rodas, que outras competicións masculinas comezaron antes ca o deporte feminino...

A que cres que se debeu esta situación?
Pensas que a día de hoxe podería suceder?

COLOREA

Colorea esta deportista.

